

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN

**529** *Corrección de erros do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de mestres que desempeñen as súas funcións nas etapas de educación infantil e de educación primaria reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Advertidos erros no Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de mestres que desempeñen as súas funcións nas etapas de educación infantil e de educación primaria reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 270, do 9 de novembro de 2011, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2, na disposición adicional primeira.2, onde di: «O persoal funcionario do corpo de mestres das especialidades de «educación primaria», «idioma estranxeiro: inglés» e «idioma estranxeiro: francés», queda adscrito ás especialidades de «educación primaria», «lingua estranxeira: inglés» e «lingua estranxeira: francés», respectivamente.», debe dicir: «O personal funcionario do corpo de mestres das especialidades de «primaria», «idioma estranxeiro: inglés» e «idioma estranxeiro: francés», queda adscrito ás especialidades de «educación primaria», «lingua estranxeira: inglés» e «lingua estranxeira: francés», respectivamente.».

Na páxina 6, no anexo «Requisitos para a adquisición de novas especialidades polo procedemento previsto na letra b) do artigo 4.2», columna «Titulacións ou requisitos», na parte correspondente a «Lingua estranxeira (francés, inglés, alemán)», segunda liña, onde di: «... inclúa unha mención en lingua estranxeira...», debe dicir: «... inclúa unha mención en lingua estranxeira no idioma correspondente...».

Na mesma parte, quinta liña, onde di: «Mestre especialidade de lingua estranxeira (Real decreto 1440/1991).», debe dicir: «Mestre especialidade de lingua estranxeira (Real decreto 1440/1991) no idioma correspondente.».

Na mesma parte, sexta liña, onde di: «Diplomado en profesorado de educación xeral básica especialidade de filoloxía.», debe dicir: «Diplomado en profesorado de educación xeral básica especialidade de filoloxía no idioma correspondente.».

Na mesma parte, novena liña, onde di: «Diplomado polas escolas universitarias de idiomas (tradutores e intérpretes) no idioma correspondente.», debe dicir: «Licenciado/diplomado polas facultades/escolas universitarias de idiomas (tradución e interpretación) no idioma correspondente.».